

Mel con limón

Non teño máis ca tres ideas, que ademais merecen a etiqueta de obviedades, para contarvos sobre este libro. A primeira é que *O cuarto das abellas* é un libro de ficción. A segunda que é un libro feminista. A terceira que é un libro ao que atravesa a memoria. Que é un libro feminista é facilmente deducible para calquera lectora que pense un momento no título (o cuarto de seu, a produtiva imaxinería da colmea) e coñeza algo a escrita anterior de Antía Otero. Que é un libro de ficción podería ser algo ao que darlle poucas voltas desde o momento en que está publicado nunca colección de poesía. Pero intentarei darllas. E que é un libro ao que atravesa a memoria non supón un cambio de pau se volvemos ao que Antía Otero escribira no seu primeiro poemario, *O son da xordeira*, publicado hai trece anos.

Vou empezar logo trazando unhas liñas sobre a primeira cuestión. *O cuarto das abellas* é un libro ficcional. A convención así o indica pero parécenme pertinentes, para achegarnos a estes poemas, como en xeral a calquera libro que leve a etiqueta de literatura, as ideas de Raymond Williams cando fala de que a teoría literaria burguesa incorre nunha confusión ao reducir a multiplicidade dos textos segundo a dicotomía que iguala subxectividade e ficción e obxectividade e verdade.

Con isto estou lonxe dese fío do pensamento posmoderno que defende que o relato amplía o seu campo e atinxe a historia e trata de explicar que esta se escribe tamén con procedementos ficcionais. Tirando do tal fío pódese rematar pensando que as infectas interpretacións da guerra civil desde a equidistancia teñen algunha lexitimidade. Ou que, en nome da «autonomía» da ficción, vale todo. Tampouco penso en poñer o foco na mediación da linguaxe, que é ineludible, si, pero tamén sabemos, con Brecht, que está aí para denunciar os feitos. Intento opoñerme a un lugar común, aínda con certa vixencia así sexa non explícita, que abre a posibilidade de ler a poesía coma se non fose ficción ou, en todo caso, na liña do confesional. Máis, e isto non é inocente, se esta poesía a escribe unha muller, se se detectan trazos biográficos ou se non se refuga o espazo do sentimento, como é o caso. Como non é inocente, tampouco, que a tan contemporánea ansia de realidade sexa aquí usada como demérito.

Digo entón que temos nas mans un libro de ficción consciente da irrelevancia da etiqueta. Acudindo ao pensamento de Jacques Rancière, quen, deténdose na novela realista, e coa potencia dunha apertura determinante, explica como a ficción non é a invención de seres imaxinarios oposta á realidade das accións, senón a práctica que lles dá sentido a esas accións artellando o que podemos ver, dicir e pensar. O filósofo francés axúdanos a entender que o real é sempre o obxecto dunha ficción. Isto é, como o di el, «dunha construción do espazo en que se anoan o visible, o dicible e o factible». Dío ao seu xeito tamén, nuns versos de «Festa malandrómica», o Hevi: «a realidade é falsa / queimas mentiras na túa balsa / de sol a sol dancing salsa».

Con isto presente, leo *O cuarto das abellas* como o andar dunha vida. A súa ordenación en cinco partes é quizais o trazo máis evidente dese fío secuencial. A inicial «Abellariza», a infancia. A segunda parte «Melisa» entre a infancia e a adolescencia, esta máis plenamente presente na seguinte, titulada «Formalina». A cuarta, «Obreiras», a única que se nomea en plural, pode lerse como a entrada na vida adulta e tamén como un afondamento na consciencia do común. E este percorrido vital posible péchao a parte titulada «A esmelga» onde, máis ca recoller os froitos da vida, noméanse algúns que se ansían.

Ao longo dos poemas, unha armazón simbólica eficaz e non unívoca, trazada sobre todo arredor da colmea e da súa vida. Tamén motivos que eu, que pouco coñezo a Antía Otero, podo intuír como biográficos, pero amosados co potencial de seren lidos na súa dimensión comunal: a pertenza a unha familia de avós labregos, o paso pola adolescencia e as súas dores, o acceso á arte, o sexo, o paso á escrita (como se recolle na cita de Hélène Cixous), o amor, a consciencia e autoconsciencia feminista, o territorio que funda o social, a vida das adultas. E, nunha autora con interese polo visual, polo escénico, polo cinematográfico, atopamos novamente, xa ocorría en *(Retro)visor*, procedementos na ordenación dos textos, no uso da elipse ou na ausencia de puntos que marquen a cesura, que nos fan pensar na montaxe.

Na estrutura, non o dixeran antes, teño a sospeita de que deberon influír os cinco poemas da serie arredor das abellas que Sylvia Plath colocara no final do seu libro *Ariel*, publicado en 1965. Nas edicións que podemos ler aparecen polo medio, penso que por decisión de Ted Hugges, quen os ordenou cronoloxicamente. Lin estes días un prólogo dunha tradución ao castelán deses poemas onde se afirmaba que iso podería mudar a recepción do libro cara a unha lectura máis esperanzada, cando menos na capacidade da natureza e no decorrer das estacións para acompañaren a vida. E iso creo que tamén ten peso no libro de Antía Otero. *O cuarto das abellas* abre cunha cita de Plath, non destes poemas, senón dun anterior, titulado «A filla do apicultor». Leo eses versos:

Nos seus tobos do grosos dun dedo, as solitarias abellas
Fan as angueiras da casa entre as herbas. Axeonllándome
Boto un ollo ao buraco dunha boca e bato con outro ollo
Redondo, verde, desconsolado coma unha bágoa.

E remata cunha promesa á avoa que, cun xiro irónico contra a solemnidade, é tamén, como tal promesa, formulada cara ao futuro.

Toda a potencia simbólica da colmea para o feminismo, e con isto xa ando na segunda evidencia que enunciaba no comezo, ou a contundencia da alteridade, están xa nesta cita de Plath, dun poema onde ademais se pon en cuestión a figura do pai, e van percorrer *O cuarto das abellas*. Enfróntase a oposición entre natureza e cultura (recordemos, as abellas fan as angueiras da casa). Ou, como di Fran P. Lorenzo na contra do poemario «este libro nace da tensión entre o doméstico e o salvaxe». E di tensión, e polo tanto podemos entender dialéctica, conflito, non necesariamente dualidade. A intención dos poemas é, penso, non establecer fenda entre natureza e cultura, entre privado e público, entre individual e común. E desta maneira trataríase de acoller tamén toda a potencia simbólica da colmea para a economía política ou para a socioloxía, cuestionando a xerarquización da que é probablemente a segunda imaxe máis frecuente de sociedade produtiva, despois da familia, e as súas relacións de poder. A voz lírica vai dirixindo a súa atención ás distintas integrantes: así o poema que principia «Revogar a Raíña», os abázcaros

tratando de anular a potencia da memoria ou as obreiras no texto que comeza polo verso «No enxame», do que leo o final:

Ás veces
entre limóns e sal
moven as ás
petando na mesa

Cospen
desatan a acción das ninguén
e sorpréndense

Ademais da pegada de Plath que, se cadra, estou sobredimensionando, houbo outros motivos que este libro, instalado na dicción dos feminismos, propiciou traer ao presente. Así, as avoas e con elas a memoria das mulleres nas poéticas de, entre outras, Xohana Torres ou Ana Romaní. Ou as rapazas que atravesan os poemas de Xiana Arias ou de Lupe Gómez, coas que comparte, amais, algunhas olladas ao territorio da infancia que incorporan a acedía. Escollo como mostra un fragmento do poema que abre *Acusación*, de Xiana Arias: «A todas as nenas que foron á misa. / Pido que non se me cumpra capricho ningún. // Son culpábel de dedos inseguros. / Nacín riba da néboa. Era polo San Benito: / había bourbon, fresas con nata / e un palco para dúas orquestras. // Era o mes do día dos traballadores. / Era mentira aquel campo solleiro. / Eran verdade arañas e saltóns.».

E tamén, inevitablemente, colocando a colmea e a vida das abellas como parte de todo aquilo que hoxe vemos ameazado de maneira severa, non só como metáfora dunha civilización rural que se está levando á extinción, senón da posibilidade de reprodución da vida. Da necesidade de abeirar algo tan incompatible coa devastación capitalista e imprescindible para a vida sobre a terra como é a polinización. Di o filósofo e activista queer Paul B. Preciado, falando da posibilidade dunha economía animalista (ou sexa, dalgunha maneira, de poñermonos en cuestión todas): «Os humanos, encarnacións enmascaradas do bosque, deberán desenmascararse do humano e enmascararse de novo co saber das abellas.»

E ao falarmos desa civilización rural que estamos perdendo entramos tamén no plano da memoria, a terceira cuestión obvia que mencionaba ao comezo. Esta é familiar, desde os avós labregos ata as «fillas que terei» (nomeadas así) no derradeiro poema. Desde os versos de Ferrín de hai agora corenta anos, «En Compostela pode un vento duro / estremecer o corazón da Europa campesiña / que todos temos dentro sen decilo.» poderíamos pensar que pasou moito tempo e moitos libros. E así e todo diría que o impacto dese cambio social acelerado está por escribir, por contar, por situar nunha nova división do sensible, se o dicimos con Rancière, que nos permita unha certa comprensión crítica. Acudo ás poetas, que son, ao meu modo de ver, as que se achegaron a este proceso de perda e de aceleración do tempo histórico de maneira máis produtiva. Tiro algúns versos e motivos que acompañaron na miña lectura este *O cuarto das abellas*. Non o entendades como un exercicio crítico que sitúe o libro que hoxe presentamos en relación co seu campo poético, non fun capaz de asumir esa tarefa. Se acaso, como intuición, apunto que o seu lugar estaría máis próximo ao de poetas que a autora cita habitualmente como compañeiros de escrita, e que teñen unha relación coa linguaxe máis abeirada á experiencia: Celso Fernández Sanmartín, Marilar Aleixandre ou Eduardo Estévez entre eles. O que trazo a

seguir é máis ben unha árbore de lecturas queridas que este poemario de Antía Otero me trouxo de volta. Son, en varios casos, textos arredados do que hoxe presentamos na dicción ou na tensión que establecen coa linguaxe, pero penso que comparten, cando menos, a vontade dunha ollada que refuga a confortabilidade da nostalxia, o seu bafo inmovilista.

Así os versos de Alberto Lema en *Crónica do chan*: « Non máis pasados remotos e felices / o meu mundo levantouse / sobre unha hecatombe de bois / e pedras de muíño». A Lupe Gómez que presentara o primeiro libro de Antía Otero e que escribiu en *Azul e estranxeira*: «Somos aburridos e pobres. / Somos parte dunha cultura morta / Iremos en cabalos polos campos, / na hípica das nosas miradas / tristes.»

Tamén as enumeracións de obxectos que dan conta dunha vida precaria, contidas nalgúns dos que leo como os versos mellor trazados d'*O cuarto das abellas*, e que me fixeron lembrar as que Daniel Salgado colocara no seu poema longo *Éxodo*, tamén testemuña do decorrer dunha historia non só familiar. Escollo como exemplo un poema, neste caso do libro de Antía Otero:

Son os abázcaros

tecendo tapetes
cirurxía
nos ocos da humidade

Coroan
mobles
paredes con gancho
fotos de casamentos
bonecas do exército
centros de flores secas
caramelos dos bautizos
martas desecadas
souvenirs de tenerife
reloxos de cuco
botellas de anís
trofeos deportivos
almanaques caducados
galos de barcelos
colares da toxa
estampas de virxes
que ollan cara a arriba
pregando que non chova

Tamén *Celebración*, de Gonzalo Hermo, en versos coma os deste fragmento: «[...] / pois algo respira ceibe nos límites aínda // aínda se revolve e non acouga / cando a ave emprende o voo / rumbo a terra estranxeira / sen aroma de berce / sen nostalxia». Non por acaso este foi o primeiro título da colección poética central que tirou á luz Apiario, un nome que, á beira do poemario que hoxe presentamos, nos dá para pensar que é entendido por Antía Otero e Dores Tembrás como algo máis ca un proxecto editorial. E, ao citar a Dores Tembrás, inevitablemente, o seu *O pouso do fume*, que ademais me trouxo un recordo da infancia. O fume usábase para poder esmelgar sen que as abellas picasen. Polo visto interpretan que hai un incendio e iso fai

que se concentren en comer para poderen sobrevivir. Leo uns versos: «todo preñado de fume / brazos tisnados / ela miraba levedar o pan // sabendo que o hórreo apodrecería / trala morte / que non habería maínzo que gardar / o aramio do tendal roto / as vacas esganadas por calquera mazá / a roseira trasatlántica segada coma herba mala / ningún máis fregaría a cociña de ferro / a couza dona da casa perforando vigas / cadeiras / colchas [...]».

E poderían ser tamén algúns versos da recente plaquette *Auga a través*.

E, por último, dous anacos de *Secesión* de Chus Pato. No primeiro sentimos reverberar o pensamento de Benjamin e anoarse marabillosamente morte da cultura e morte física:

«Se cadra xa non hai labregos –proseguíu a voz que eu espiaba– no sentido dunha comunidade campesiña atlántica tradicional. É un feito. Entón os avós, as avoas, migran xa para dentro de nós, hospédanse e atopan lugar no intelecto xeral que nos constrúe. Esa débeda –a culpa simbólica por non sermos quen de parar esa desfeita do mundo comunal que nos precedeu– pagarémola cando remate o traballo de dó. Cando comprendamos o feito –cando acomodemos confortabelmente os avós– deixaremos de sentir melancolía».

O segundo, remate dun fragmento titulado «Félix», acompaña a memoria do pai:

«Amaba a natureza, o océano, pero sobre todo a vexetación; sabía os nomes das árbores, cultivaba toda clase de flores en macetas. Soubo que non podería ser agricultor, que esa posibilidade lle fora negada o día que Félix (un nome ficticio) cruzou o Atlántico na procura de mellores condicións de vida. Esa xornada iniciou o noso éxodo da terra, a nosa liberdade sobre o planeta».

Ana Salgado

Este texto foi lido na presentación d'*O cuarto das abellas*, de Antía Otero, o 18 de novembro de 2016 na librería Numax. Acompañou tamén a autora Fran Alonso, editor do texto en Xerais.